

ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos, a que se refire o artigo 20.4s) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

Considéranse incluídos nos servizos obxecto de gravame:

1. A limpeza de soares ou locais cuxos ocupantes se negan ou se resistan á orde de efectuala.
 2. A retirada de lixo, escombros e residuos que aparezan abandonados na vía pública.
 3. A recollida de mobles, utensilios e trastes inútiles, escouras e cinzas de calefaccións e calquera outro produto ou material nos casos en que se solicita a prestación dos servizos municipais de recollida de lixo e residuos.
 4. Os refugallo e residuos producidos en establecementos industriais e comerciais.
 5. A utilización dos vertedoiros municipais para o depósito e a eliminación dos residuos que non fosen realizados polo servizo de limpeza.
2. Cando un ben inmovible se destine conxuntamente a vivenda e ao exercicio dunha actividade económica, a taxa xérase e existe a obriga de contribuír conforme aos dous feitos impositivos de forma separada aínda cando se refiran ao mesmo obrigado tributario, ao gravarse a prestación dun servizo que se orixina por dous supostos diferenciados: o uso do inmovible como vivenda habitual e o desempeño dunha actividade económica. Para fixar a tarifa aplicable neste último suposto, computarase a superficie do ben na que se exerza a actividade de que se trate, sempre que esta non sexa un despacho profesional.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Neste suposto, a taxa xérase e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

3. Nos supostos de prestación de servizos obrigatorios por instancia de parte, a taxa xérase ao prestarse o servizo, sen prexuízo de ingresar previamente o seu importe en concepto de depósito previo no momento de realizar a solicitude de prestación do servizo.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou prearista. Cando se trate de servizos prestados despois da solicitude previa, será suxeito pasivo o solicitante ou causante da prestación.

En caso de vivendas ou locais nos que a cota se recade a través do recibo da Empresa Municipal de Augas, presumirase que é obrigado tributario o titular do abono ao citado servizo, e no caso de establecementos comerciais, a persoa a cuxo nome presentouse a comunicación previa ou a declaración responsable ou no seu caso a cuxo nome figure a licenza de apertura e os restantes tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

1. Tributarán por cota cero, na tarifa de vivenda, os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado e aqueles suxeitos pasivos que acrediten que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasen o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

2. Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasen a cantidade de multiplicar o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) por 1,5, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,25 pola tarifa prevista para as vivendas.

3. No caso de que a vivenda pertenza a unha familia numerosa ou familia monoparental, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,5 pola tarifa prevista para as vivendas.

Para ter dereito á obtención destas tarifas, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de subministro de auga con EMALCSA.
- Que o suxeito pasivo se encontre empadroado e resida na vivenda para a que solicita a aplicación da tarifa indicada.
- Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales os dos empadroados así como aqueles que residan habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en Dereito. Os efectos do cálculo dos ingresos consideraranse os do exercicio da solicitude da bonificación no caso de pensións ou prestacións sociais e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM.
- No caso de familias numerosas deberán acompañar a solicitude do título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da cota indicada no punto 3 deste artigo.
- No caso de familias monoparentais deberán acompañar a solicitude do certificado emitido pola Xunta de Galicia ou órgano da CC.AA correspondente equivalente e que acredite a condición de familia monoparental vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da cota indicada no punto 3 deste artigo.

4. Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite a utilización dun composteiro entregado polos servizos municipais de medio ambiente para realizar compostaxe, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,5 pola tarifa prevista para as vivendas. Esta cota reducida terá unha vixencia durante a vida útil do composteiro que se presume de catro anos tras a contar desde a entrega polos servizos municipais.

Os técnicos de Medio Ambiente poderán solicitar en calquera momento que polo suxeito pasivo se acredite a utilización do composteiro ou a realización de comprobacións respecto da utilización do composteiro entregado para a compostaxe.

As solicitudes para a aplicación destas tarifas serán enviadas desde o departamento de Facenda aos Servizos municipais de Medio Ambiente que valorando que se reúnen os requisitos esixidos, formularán o informe sobre a súa concesión.

A resolución correspóndelle á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

ARTIGO 5. BASES DE GRAVAME E TARIFAS.

- A) Para as vivendas utilizarase o sistema de cota fixa; igualmente para os despachos profesionais e de artistas, utilizarase o sistema de cota fixa. Os establecementos tributarán en función da actividade

desenvolvida, da súa superficie e, no caso dos establecementos hoteleiros, do número de cuartos que posúen.

B) Tarifa xeral. Prestación xeral e obrigatoria.

1	Vivendas	Ano	Trimestre
1.1	En rúa de 1ª e 2ª categoría	68,87	17,22
1.2	En rúas de 3ª e 4ª categoría	64,27	16,07
1.3	En rúas de 5ª e 6ª categoría	60,45	15,11
2	Actividades comerciais, recreativas, profesionais e outras:	EUROS/ANO	
2.1	Despachos profesionais e artistas	71,01	
2.2	Comercio en xeral, bancos, seguros, clínicas e hospitais e, en xeral, actividades non comprendidas noutros apartados destas tarifas.		
2.2.1	Ata 20 m2 de superficie	87,77	
2.2.2	De 21 a 100 m2	139,71	
2.2.3	De 101 a 200 m2	189,99	
2.2.4	De 201 a 400 m2	319,90	
2.2.5	De 401 a 1.000 m2	533,60	
2.2.6	Máis de 1.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción de exceso	307,33	
2.3	Os garaxes e aparcadoiros, sempre que neles non se desenvolva ningunha outra actividade, aplicarán, sobre as tarifas anteriores un coeficiente de 0'5. Non estarán suxeitos á taxa os garaxes anexos ás vivendas unifamiliares e aos locais de negocio, sempre que aboén a cota correspondente á vivenda ou local ao que están unidos.		
2.4	As actividades de perruquería, xastrería e confección que se desenvolvan nas vivendas dos titulares da actividade, aplicáraselles un coeficiente corrector do 0'5 sobre a cota que resulte en función da superficie utilizada, sempre e cando aboén, ademais, a cantidade que corresponde á vivenda.		
2.5	Os edificios e locais ocupados por dependencias das administracións públicas e os seus organismos autónomos, que estean suxeitos ao pagamento da taxa, verán reducida a súa cota pola aplicación dun coeficiente 0'5 sobre a cantidade que resulte da aplicación da tarifa xeral.		
2.6	Garaxes ocupados por dependencias das administracións públicas e os seus organismos autónomos será reducida a súa cota pola aplicación dun coeficiente do 0,75.		
2.7	No caso dos centros comerciais que tiveran que contratar ou teñan contratado un xestor autorizado para a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos comerciais, minorase a tarifa a aplicar, segundo a súa actividade nun 50%.		
3	Hostalería.	EUROS	
/ANO			
3.1	Hoteis, moteis, residencias, pensións, fondas, casas de hóspedes, vivendas de uso turístico e establecementos análogos dedicados exclusivamente á hospedaxe, e que poidan servir almorzos pero non outra clase de comidas. Por habitación		
	10,64		
En todo caso a cota tributaria a pagar pola actividade deste epígrafe non poderá ser inferior a 68,87 euros			
3.2	Os mesmos establecementos citados no epígrafe anterior, se serven comidas. Por habitación		
	21,27		
3.3	Restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos:		
3.3.1	Ata 20 m2 de superficie	189,99	
3.3.2	De 21 a 100 m2	275,17	
3.3.3	De 101 a 200 m2	367,86	
3.3.4	De 201 a 400 m2	634,24	
3.3.5	De 401 a 1.000 m2	882,82	
3.3.6	Máis de 1.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción de exceso	509,85	
3.4	Salas de festa, baile e similares:		
3.4.1	Ata 100 m2	289,18	
3.4.2	De 101 a 200 m2	350,62	
3.4.3	De 201 a 400 m2	694,66	
3.4.4	De 401 a 1.000 m2	1.008,66	
3.4.5	Máis de 1.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción de exceso	581,12	
3.5	Casinos, bingos, salas de xogo e similares:		
3.5.1	Ata 50 m2	191,09	
3.5.2	De 51 a 100 m2	286,56	
3.5.3	De 101 a 200 m2	382,08	

3.5.4	De 201 a 400 m2	656,71
3.5.5	De 401 a 1.000 m2	895,49
3.5.6	Máis de 1.001 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción de exceso	596,97
4	Espectáculos. Salas de teatro, cinematógrafo e similares	608,95
5	Centros de ensino:	
5.1	Ata 20 m2	95,56
5.2	De 21 a 100 m2	175,53
5.3	De 101 a 200 m2	222,80
5.4	De 201 a 400 m2	377,21
5.5	De 401 a 1.000 m2	533,70
5.6	Máis de 1.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción de exceso	208,98
6	Industrias, fábricas, talleres e similares:	
6.1	Ata 25 m2	91,99
6.2	De 26 a 50 m2	137,56
6.3	De 51 a 100 m2	175,53
6.4	De 101 a 200 m2	222,80
6.5	De 201 a 400 m2	355,78
6.6	De 401 a 1.000 m2	526,44
6.7	De 1.001 a 2.000 m2	698,49
6.8	Máis de 2.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción de exceso	158,84

6.9 Cando a actividade desenvolvida teña a cualificación de artesanía de acordo co disposto nas normas que regulan o Imposto sobre Actividades Económicas, sobre a cota resultante de aplicar as anteriores tarifas, aplicarase un coeficiente de 0'5.

Para determinar a superficie dos locais computarase a que resulte de sumar a totalidade das plantas ou pisos das naves ou edificios.

7 Utilización obrigatoria dos servizos municipais de eliminación e tratamento de residuos:

7.1 Por cada T.m. ou fracción de residuos urbanos debidamente segregados, entregadas directamente á Planta de Tratamento de Residuos Urbanos de Nostián, non procedentes de residuos municipais 67,98

Esta tarifa aplicaráselle un coeficiente de 0,5 para o caso de que se trate de residuos admisibles en Planta entregados por ONG,S vinculadas á recuperación de materiais mediante o seu reparación e posterior venda, tales como mobles, roupa, chatarras, etc

ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E COBRANZA DE COTAS.

1. O período impositivo coincidirá co ano natural e a el refírense as cotas sinaladas nas tarifas do art. 5 desta ordenanza. Tales cotas non son reducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na prestación do servizo non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarase conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos. Cando a taxa se recade por medio dos recibos expedidos por EMALCSA, na forma que se prevé no número seguinte, a cota fraccionarase por trimestres, e non será reducible.

2. A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa taxa de rede de sumidoiros e a prestación patrimonial polo servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, e estarán obrigados ao pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co disposto no art. 3 desta ordenanza. A alta no servizo de augas implica a correlativa inclusión no Padrón de Recollida de Lixo.

No caso dos establecementos en que se realicen actividades distintas da habitación das persoas, as declaracións de altas, baixa ou modificación deberán de presentarse mediante o impreso correspondente ou no caso de inicio ou cambio de titularidade dunha actividade, formularase conxuntamente coa solicitude de licenza de actividade, cambio de titularidade ou comunicación responsable. Nestes casos a cobranza poderá realizarse conxuntamente con outros tributos municipais que recaian sobre a actividade realizada ou o local no que se exerce.

Cando a alta, baixa ou variación do Padrón se deriva de solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa da alteración de bases.

3. As cotas correspondentes a recollidas realizadas por causa ou por petición de parte interesada e os vertidos liquidaranse e faranse efectivas nas oficinas municipais. Ao abeiro do establecido no art. 26 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esixirase o depósito previo do seu importe no momento de formular a correspondente

solicitud. Cando sexa imposible determinar a contía con carácter previo, deberán ingresarse inmediatamente despois de realizado o servizo, xa que noutro caso suspenderase inmediatamente a súa prestación sen prexuízo de proseguir a vía de prema para obter a súa recadación.

4. O Concello poderá establecer o réxime de autoliquidación nos supostos en que sexa aplicable.

ARTIGO 7.

Os servizos especiais que teña que prestar o Concello, directamente ou por medio dos seus concesionarios, solicitaranse por medio dunha instancia dirixida ao Alcalde en exemplar triplicado que se facilitará na oficina municipal de información.

ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para o primeiro trimestre seguinte á entrada en vigor da ordenanza, aplicárase de oficio unha redución do 10 % na tarifa para vivenda prevista no artigo 5 B.1.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 18 de novembro de 2024 entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

BOP DA CORUÑA , Núm. 9 de data 15.01.2025